

SILVESTRE JOSE BALSEIROS GUINARTE, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERDEDO (PONTEVEDRA)

INFORMA:

Dos novos requisitos de acceso á Formación Profesional e tamén Ocupacional (cursos para desempregados, obradoiros de emprego, etc.) para aquelas persoas cun nivel de estudos de graduado escolar ou certificado de estudos primarios.

Como ben sabedes o acceso ao traballo hoxe en día resulta cada vez máis difícil. O mundo laboral está cambiando e para poder optar a algúns postos de traballo para os que tradicionalmente non facía falla estudos, como por exemplo o de auxiliar de axuda a domicilio, agora a Lei de Servizos Sociais obriga ás persoas que queiran traballar neste posto a ter feito o correspondente curso de formación ocupacional que te capacita para traballar na ocupación.

Unha parte importante dos cursos de Formación Ocupacional ou das especialidades dos obradoiros de emprego que se poden facer aquí no noso entorno son **certificados de profesionalidade de nivel 2**. É dicir, se superas o curso podes solicitar directamente o correspondente certificado de profesionalidade que te capacita para traballar na ocupación en toda España, e ademais che dá acceso a ciclos de Formación profesional da mesma rama incluso convalidándoches parte das materias a cursar. Pero o problema é que para poder facer estes cursos tes que ter un nivel formativo previo de a lo menos a ESO, FPI, 2º de BUP, ou formación similar.

E ¿que ocorre con aquelas persoas que só teñen graduado escolar ou certificado de escolaridade porque no momento en que estudaron non existía a ESO?

Estas persoas tamén poden acceder a obradoiros de emprego ou a cursos con certificado de profesionalidade de nivel 2, pero antes deberán superar unhas **probas de acceso gratuítas** que convoca a Xunta de Galicia chamadas **Competencias clave**. Trátase dun exame tipo test, con contidos de lingua española, matemáticas, lingua galega, etc. Aínda que en principio te poida asustar facer un exame agora, despois de moitos anos sen estudar, realmente non son demasiado difíciles e proba diso é que nas pasadas convocatorias aprobaron unha porcentaxe moi elevada de xente.

Se estás interesada/o en traballar na axuda a domicilio, centros xeriátricos, etc ou queres realizar algún outro curso de formación ocupacional con certificado de profesionalidade, ou acceder a obradoiros de emprego con especialidades de nivel 2, e non tes a ESO, FPI, ou 2º de BUP ponte en contacto con nós, xa que agora mesmo está **aberto o prazo de inscrición na Xunta para estas probas gratuítas ata o día 28 de setembro** e darémosche toda a información que precises sobre as probas, as datas, etc.

O ALCALDE

Asdo.: Silvestre José Balseiros Guinarte